




**Concello de Lalín**  
 Concellería de Turismo  
 www.lalin.gal

**DEPUTACIÓN**  
 PONTEVEDRA

*Lalín, un interior único*

Oficina Municipal de Turismo de Lalín  
 Teléfono: 666 430 458  
 infoturismo@lalin.gal

Concello de Lalín  
 Teléfono: 986 787 060



Deposito Legal: PO 222-2017

LALÍN, ABERTO A TI





# LALÍN, ABERTO A TI

Lalín ofrece aos visitantes que se achegan un espazo urbano agradable e atractivo, cheo de posibilidades para vivir unha xornada diferente. Comeza o día cun café nas nosas prazas e terrazas, pasea polas rúas peonís, contempla a diversidade que Lalín che ofrece en cada recuncho; unha ruta escultórica polo centro, unha andaina polo Paseo do Pontañas, o Museo Municipal Ramón Aller, a praza de abastos, o mercado tradicional dos sábados, a ampla oferta comercial cun trato amable e profesional, grandes persoas adicadas a ti.

Lalín ofrece un entorno urbano vivo e dinámico para as persoas. Lalín dáche algo máis, a oportunidade perfecta para pasear, mercar, gozar, saborear, soñar....

O Kilómetro Cero de Galiza é un pobo vivo e aberto, artellado nun conxunto accesible, humano, atraente e integrado onde as persoas marcan o ritmo, pensado para todas e todos, crianzas, xuventude, maiores, un lugar único e con encanto para as familias, as amizades....

No comercio de proximidade poderás gozar da calidade dos produtos locais, do “Feito en Lalín”: téxtil, artesanía, leite, mel, queixo, carnes e elaborados, pan de Lalín, verduras e hortalizas do noso agro, sen dúbida un pracer para os sentidos.

E que mellor que saborear estes produtos locais na excelente oferta hostaleira: Cocido de Lalín, carnes, peixes, tapas, doces, unha proposta infinita e inigualable.

**Lalín namora.**  
**Lalín atrae.**  
**Lalín convence.**  
**Voltarás!**

